

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTESEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL** e a concelleira **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONES.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 6923, de data 25 de outubro de 2007, solicitando condicionandos para poder proceder á aprobación do proxecto denominado “CTA de 160 KVA” en Rellas (nº de expediente IN407A 2006/470-4), solicitado por Unión Fenosa Distribución S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito ó Departamento de urbanismo e procedan a realizar a documentación solicitada e remitir a mesma, a maior brevidade, a Delegación Provincial de Innovación e Industria.

1.2.- Escrito de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 6925, de data 25 de outubro de 2007, remitindo copia, por duplicado, do Convenio de

Incorporación deste Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para súa firma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a firma deste convenio e remitir o mesmo, debidamente asinado á Vicepresidencia, así como dar traslado deste acordo á Concelleira de Servizos Sociais.

1.3.- Escrito da Asistente Social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, Rexistro de Entrada nº 6909, de data 24 de outubro de 2007, solicitando equiparación salarial ós funcionarios do Grupo B (Técnico Grao Medio).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queda enterada deste escrito e acorda telo en conta cando sexa realizada a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello.

1.4.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6905, de data 24 de outubro de 2007, polo que se concede, á UTE Docarbo autorización de vado provisorio sobre o arroio caseta para a realización das obras de construción da plataforma do corredor norte-noroeste de alta velocidade, eixo Ourense-Santiago, no lugar de Covas, parroquia de Abades (Silleda). (Expediente nº DH-W36.12358)

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.5.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6904, de data 24 de outubro de 2007, polo que se concede, á UTE Docarbo autorización para paso provisorio sobre o arroio caseta para a realización das obras de construción da plataforma do corredor norte-noroeste de alta velocidade, no lugar de Covas, parroquia de Abades (Silleda). (Expediente nº DH-W36.12354)

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.6.- Escrito da Dirección Xeral de Saúde Pública - Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 6836, de data 22 de outubro de 2007, en relación a xustificación e aboamento da subvención concedida a este Concello en relación á Orde do 1 de outubro de 2007 (GOF nº 198 de 11.10.07) pola que se resolve a convocatoria de subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñen relación co esforzo global anti-VIH/SIDA en Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia deste escrito á Intervención Municipal e a Concelleira de Servizos Sociais.

1.7.- Escrito da Secretaría Xeral do Benestar de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 6840, de data 22 de outubro de 2007, remitindo información sobre o Sistema Galego de Atención a Dependencia, e solicitando cooperación por parte deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á

Concelleira de Servizos Sociais.

1.8.- Escrito do Servizo de Interior e Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 6871, de data 23 de outubro de 2007, solicitando informe sobre licencia de apertura do local denominado Papos, ubicado na rúa Cartaxena, nº 12 de Silleda, así como aforo, titular, ...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Departamento de Urbanismo para que remitan a información solicitada polo Servizo de Interior e Administración Local.

1.9.- Escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia - Ministerio de Fomento, Rexistro de Entrada nº 6880, de data 23 de outubro de 2007, solicitando datos de calificación urbanística, con plano incluídos, das fincas afectadas pola obra 33-PO-3590 “Seguridad Vial. Prolongación de carriles para vehículos lentos. N-640, del P.K. 189,8 al 190,3. Tramo: Xindiriz-O Foxo. Provincia de Pontevedra”, para o cal adxuntan planos parcelarios das fincas afectadas pola expropiación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o departamento de Urbanismo para que procedan a remitir a documentación solicitada.

1.10.- Escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia - Ministerio de Fomento, Rexistro de Entrada nº 6881, de data 23 de outubro de 2007, solicitando datos de calificación urbanística, con plano incluídos, das fincas afectadas pola obra 33-PO-3490 “Seguridad Vial. Acondicionamiento de Travesía y mejora de intersecciones. CN-525, P.K. 301,7 al 303,2. Tramo: Silleda. Provincia de Pontevedra”, para o cal adxuntan planos parcelarios das fincas afectadas pola expropiación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o departamento de Urbanismo para que procedan a remitir a documentación solicitada.

1.11.- Escrito de Dº Jesús Naveira Pequeno, Rexistro de Entrada nº 6883, de data 23 de outubro de 2007, presentando alegacións en relación a boletín de denuncia aberto pola Policía Local deste Concello o día 18 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito á Policía Local do Concello.

1.12.- Escrito de Augas de Galicia (Demarcación Sur) - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6882, de data 23 de outubro de 2007, solicitando informe municipal en relación o expediente DH.A36.12924, tramitado a nome de CC.UU.Saidres para concesión e legalización dun caudal de 0.30 l/s de auga, para usos domésticos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste expediente ó departamento de urbanismo para que procedan á realización do informe e remitan o mesmo a Augas de Galicia (Demarcación Sur).

1.13.- Escrito de D^a M^a Dolores Senín Guerra, Rexistro de Entrada nº 6857, de data 22 de outubro de 2007, sinalando que é propietaria da parcela nº 357, polígono 35, Sub 0 C-03 da zona 0 de Silleda, e que é sua vontade ceder a finca ó Concello de Silleda, gratuitamente e sen contraprestación algunha, para proceder na mesma á construción dunha residencia e centro de día públicos para anciáns.

Asimesmo indica que é preciso para a tramitación do pertinente expediente administrativo de cesión gratuita, determinar a extensión precisa e as lindes da finca, polo que autoriza ó Concello de Silleda directamente ou o persoal por él contratado a realizar ditas labores, que incluírán, se é preciso, o desbroce e limpeza da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a cesión gratuita desta parcela e que se proceda á medición da mesma.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- Consultaría e Asistencia Xurídica.

Visto que en data 05 de outubro de 2.007 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado para adxudicación da Consultoría e Asistencia para a elaboración de informes xurídicos, asistencia a xuízos e demasis prestacións.

Visto que por acordo desta Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de outubro de 2007 foron aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 210 apartado a) do RDLex. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas

Visto que remitidas solicitudes de ofertas, únicamente se presentou a de D^a Carmen González Gómez, Rexistro de Entrada nº 2933, de data 25 de outubro de 2.007.

Vistos os antecedentes anteriormente mencionados, pola Xunta de Goberno Local procédese á apertura do sobre A “Documentación”, observándose únicamente a falta da certificación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias.

A Xunta de Goberno Local, dacordo co prego de cláusulas administrativas por unanimidade acorda, solicita a D^a Carmen González Gómez para que, no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción deste acordo, presente a certificación sinalada no párrafo anterior, e unha vez presentada a mesma dentro do prazo sinalado, proceder á apertura do sobre B “Proposición Económica”.

2.2.- “Pavimentación de aceras desde C.N.-525 hasta Campo de Fútbol de Lamela” PAM/06-07-08.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local deste Concello, correspondente a súa sesión do 26 de xaneiro de 2007, adxudicouse á empresa Promociones Reydo 06, S.C. a realización destas obras.

Visto que, por Promociones Reydo 06, S.C., maniféstase que non asinou contrato algún con Concello nin tén interés na realización desta obra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e sobre a base do artigos 56 de 121 do TRLCAP, que permiten calificar o presente como contrato menor, acorda adxudicar a execución desta obra, polo mesmo importe (12.003,49 €), á empresa Fernando Pena Caramés e dispensar á mesma da constitución de garantía definitiva, en concordancia co artigo 56 do TRLCAP, por tratarse dun contrato menor, no que a presentación da factura reglamentariamente emitida conclúe o expediente de adxudicación.

3º.- SUBVENCIONS.-

3.1.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6872, de data 23 de outubro de 2007, remitindo acordo do Pleno da Corporación Provincial, correspondente a súa sesión do 27 de xullo de 2007, polo que se aproba o cambio de aplicación da obra nº 54 do PPC/07 denominada “Accesos Núcleos: Saidres, Moalde, Cervaña. O Castro, Ponte, Cortegada, Xestoso, Silleda e Oleiros” pola actuación do Plan Complementario nº 40 denominada “Accesos/pavimentación vías públicas en Silleda”, mantendo a financiación anterior.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito, e remitir copia do mesmo o departamento de Intervención e o Concelleiro de Obras.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas:

4.1.1.- Licencia Nº 2731/07. Visto o expediente instruído a instancia de Dª MARIA JESÚS SILVA ALÉN, solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na rúa Alfonso Trabazo esquina rúa Xeneral Franco-baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 15 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 6838, de data 22 de outubro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. Non instalará maquinaria nin equipos sonoros. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. O nivel sonoro composto da actividade non poderá superar os 70 dB(A). O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e antivibratorio, disporá de elementos ralentizadores da velocidade de saída do aire viciado e as saídas localizaranse alonxadas de ocos e/ou ventás de vivendas próximas. Xestionará todos os residuos xerados na actividade, segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados conforme do disposto na normativa vixente.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripciós legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade e coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.2.- Licencias de Obra Maior.

4.2.1.- Examinado o expediente promovido por Dº Carlos Rivas Ramos, en virtude de instancia nº 3498 de data 01 de agosto de 2007, solicitando Licencia para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada na finca nº 196, polígono 2, do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, na zona denominada O Revoltón, no lugar do Pereiro, parroquia de Laro (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº Oscar L. Rodríguez Ramos, visado polo Colexio Oficial en data 17 de xullo de 2007, e cun orzamento de execución material de 112.000,00 €.

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 16 de outubro de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3498/07 instada por Dº Carlos Rivas Ramos, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada na finca nº

196, polígono 2, do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, na zona denominada O Revoltón, no lugar do Pereiro, parroquia de Laro (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica previa.

4.3.- Dase conta da licencia de obra menor presentada por Dº Manuel Lugo Gómez, mediante escrito Rexistro de Entrada nº 3911,d e data 31 de agosto de 2007, para apertura de zanja (1.500 m) e colocación de tubería para canalización de augas, nunha parte do monte denominado A Fenteira, parroquia de Cira.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico, de data 8 de outubro de 2007, e xurídico, de data 25 de outubro de 2007, por unanimidade acorda concender a licencia de obra solicitada, debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal, e á presentación dun aval bancario, polo importe da execución material das obras, para a reposición dos posibles danos causados.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00013-07, de data 26 de outubro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 25.188,13 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

1.- Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta infórmase á Xunta de Goberno Local que, con data 10 de outubro de 2007, asinouse entre o Concello de Silleda e a empresa Castromil, S.A., un convenio de colaboración para realización de programa social, mediante o cal se conceden axudas de transporte a estudantes, veciños deste termo municipal que cursen estudos durante o curso académico 2007-2008, podendo este convenio prorrogarse por mutuo acordo das partes asinantes por cursos académicos completos, sempre e cando nungunha das dúas partes lle notifique á outra o desexo de rescisión, con un mes de antelación o remate do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

2.- Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta infórmase á Xunta de Goberno Local que, con data 20d e outubro de 2007, asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a Fundación Semana Verde de Galicia, para a realización de actividades deportivas e culturais dentro do recinto feiral da Semana Verde de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste convenio.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,